



ASUNTO: ANÁLISE DA VIABILIDADE DE DIVIDIR EN LOTES AS ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO PARA A "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA (FIGUEIROA) E DO IGREXARIO (LANDOI)"

Dacordo coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, analizarase no presente informe a posibilidade de dividir en lotes as actuacións contempladas no Proxecto Construtivo para a "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA (FIGUEIROA) E DO IGREXARIO (LANDOI)", a executar íntegramente no Concello de Cariño.

Neste caso trátase de dous camiños de carácter local a pavimentar con aglomerado asfáltico en quente. O camiño da Gándara en Figueiroa conta con 360 m de lonxitude total, repartidos entre os 270 m do camiño principal e os dous ramais considerados de 40 m e 50 m de lonxitude, mentres que o camiño do Igrexario en Landoi conta con 540 m de lonxitude nun único camiño sen ramais secundarios.

Ao tratarse de camiños de carácter local, a escasa distancia entre eles, con pouco ancho dispoñible e sen apenas accesos intermedios, non se valora a división en lotes das actuacións contempladas en proxecto.

Os motivos de non dividir en lotes as obras contempladas en proxecto responden a multitude de motivos de todo tipo: económicos, loxísticos, técnicos e medioambientais. Expóñense a continuación algúns dos motivos que levaron ao Concello de Cariño á non división en lotes das obras de referencia:

- É de esperar un menor custo de execución das obras en caso de non dividilas en lotes: ao tratarse de dúas zonas de actuación moi concretas e limitadas aos propios camiños, xa que estes non dispoñen apenas de accesos intermedios, unha división dos traballos en lotes implicaría a multiplicación de maquinaria e man de obra, e polo tanto dos custos económicos

Se cada lote fose adjudicado a un Contratista distinto veriamonos con máis dun equipo de maquinaria para actuar en dous camiños bastante estreitos, de pouca lonxitude e a escasa distancia entre eles, onde non sería técnicamente necesario nin economicamente sostible.

- Ademáis, o feito de ter uns equipos de traballos sobredimensionados para o tipo de actuación e a súa extensión, implicaría tamén maiores molestias para os veciños e unhas custos medioambientais moi superiores.
  - A división en lotes tamén suporía unha maior carga de traballo para o Concello de Cariño sen obter unha contrapartida que xustifique ésta decisión, ao multiplicarse os procesos de licitación e o volume de documentación a elaborar
-



CONCELLO  
DE CARIÑO

---

Considérase polo tanto, á vista do exposto, que neste caso concreto das obras para a "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DOS CAMIÑOS DA GÁNDARA (FIGUEIROA) E DO IGREXARIO (LANDOI)" a súa división en lotes non suporía beneficio algún para ningunha das partes, xa que suporía un incremento dos costes mencionados (económicos, técnicos, medioambientais...) tanto para o Concello de Cariño como para as empresas licitadoras pero sen recibir contraprestación algunha.

Asina a presente en Cariño a 28 de Agosto de 2023,

A firma manuscrita do Asdo. Igor Vergara Otero, realizada en azul.

Asdo.: IGOR VERGARA OTERO  
ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS REDACTOR DO PROXECTO  
Nº de Colexiado: 25.817

---